

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 13 de marzo de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas do día trece de marzo de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(317).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

**2(318).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO “PROXECTO DE REMODELACIÓN DO PARQUE INFANTIL DO PARQUE DE CASTRELOS”. EXPTE. 7976/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, dáse conta do informe-proposta do xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 13.03.15, conformado polo concelleiro delegado de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

*Obra: “PROXECTO DE REMODELACIÓN DO PARQUE INFANTIL DO PARQUE DE CASTRELOS”. Expte. 7976/446*

*Localidade e situación: Parque municipal Quiñones de León*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor do proxecto: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SL.)*

*Dirección facultativa: DNA. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ*

*Contratista titular do plan: LAPPSET ESPAÑA VR SL.*

*Autor do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SL.).*

*Autor do plan de seguridade e saúde no traballo: D. MIGUEL CARMONA-LAPPSET ESPAÑA VR S. L.*

*Coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra ou compoñentes da dirección facultativa da obra: OSCAR PEREIRO TAIBO*

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.*

*Visto o estudio de xestión de residuos presentado pola empresa Lappset España VR S. L. o cal axústase ao previsto no RD 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.*

*En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*- Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "PROXECTO DE REMODELACIÓN DO PARQUE INFANTIL DO PARQUE DE CASTRELOS".*

*- Aprobar o estudio de xestión de residuos do "PROXECTO DE REMODELACIÓN DO PARQUE INFANTIL DO PARQUE DE CASTRELOS".*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria LAPPSET ESPAÑA VR S. L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.